

ASUNTO PLE/2022/00047380P

ACTA NÚM. 19 - SESIÓN ORDINARIA 27 DE OUTUBRO DE 2022

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:01 horas** do día **27 de outubro de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Prol Mariño

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral do concello.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do día 29 de setembro e extraordinaria urxente do 13 de outubro, ambas de 2022.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022-REC-02.

Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413.

3. Proposición presentada polo grupo municipal do PP sobre o inicio das obras da ponte sobre o ferrocarril en Marrozos e mellora do seu enlace coa AC-960 na Susana.

4. Proposición presentada polo grupo municipal do PP sobre adopción de medidas para evitar a ocupación ilegal de vivendas.

5. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a mellora dos servizos básicos municipais na Peregrina.

6. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para avanzar na renovación do transporte público municipal.

7. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para impulsar a execución das accións recollidas na estratexia ReVive Santiago - Edusi, informar aos grupos da Corporación e convocar o órgano de participación, seguimento e avaliación da Edusi.

8. Dar conta de escrito do grupo municipal de CA de designación de representante na Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos.

9. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

10. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelacións:

1. Formulada por CA sobre o acordo asinado para viabilizar os orzamentos de 2022.

Rogos:

1. Formulado polo BNG para a correcta instalación dos rexistros de servizos de abastecemento, saneamento e enerxía.

2. Formulado polo BNG para a revisión do estado de autobuses urbanos, tendo en conta a demora na licitación do concurso.

3.- Formulado polo BNG para facilitar o transporte de estudantes os domingos aos campus universitarios.

4. Formulado polo PP para proceder as labores de roza e limpeza entre a rúa Clara Campoamor e as Fontiñas.

5. Formulado polo PP para avanzar nunha maior accesibilidade de semáforos e autobuses para persoas con dificultades visuais.

6. Formulado polo PP para a ampliación ou diversificación das actividades do programa “Vive o verán 2023” a centros socioculturais no rural.

7. Formulado por CA para a implantación de medidas que eviten o uso incorrecto do rego automático.

8. Formulado por CA para que se estableza a prioridade peonil na rúa parque San Xoán de Vista Alegre.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada polo BNG sobre queixas da veciñanza de Concheiros ante a supresión de paradas de autobús urbano.
2. Formulada polo PP sobre o adecentamento da fachada dun local municipal e outras melloras aprobadas na zona das Santas Mariñas, no barrio de Sar.
3. Formulada polo PP sobre a demora na adxudicación do proxecto do Centro integral para a inclusión social e as previsións ao respecto da actividade do CIAC.
4. Formulada polo PP sobre a colocación dos bancos na reurbanización da rúa dos Concheiros.
5. Formulada polo BNG sobre sancións impostas dende a posta en marcha do multamóvil.
6. Formulada por CA sobre o programa de compostaxe doméstica.
7. Formulada por CA sobre o proxecto de humanización da rotonda de Conxo.
8. Formulada por CA sobre os estudos en relación á mobilidade ciclista encargados no actual mandato.
9. Formulada polo BNG sobre as xestións realizadas para conseguir a readmisión dos condutores que facían a liña Santiago-Aeroporto.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo PP sobre o desprazamento a Málaga para asistir ao foro Greencities S-MOVING 2022.
2. Formulada por CA sobre a candidatura de Santiago para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial.
3. Formulada polo PP sobre os proxectos EDUSI.
4. Formulada por CA sobre as tapas de sumidoiros na cidade.
5. Formulada por CA sobre o proxecto de humanización da rotonda de Conxo.

11. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo PSdeG-PSOE en defensa do servizo básico e esencial da educación pública.
2. Presentada polo PP para subsanar o trato discriminatorio na subvención de bolsas de comedor que concede o concello.
3. Presentada por CA contra as violencias machistas e con motivo da conmemoración do 25-N, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.
4. Presentada polo BNG do 25N para incrementar os recursos destinados ao Centro de información ás mulleres (CIM).
5. Presentada polo BNG para mellorar os espazos públicos de Vite-Vista Alegre e ampliar as zonas de aparcadoiro.
6. Presentada por CA sobre as melloras no espazo da contorna de acceso ao colexio público Mestre Rodríguez Xixirei na Lavacolla.
7. Presentada polo PP para a redacción dun Plan de ordenación e uso público da finca do viveiro de Lamas de Abade e a rehabilitación dos seus edificios.
8. Presentada polo PP sobre a demanda ao Goberno de España da execución do proxecto de humanización da rotonda sobre a SC-20 en Conxo.
9. Presentada por CA para que se planifique a acción cultural como estratexia de rexeneración das zonas afectadas pola aceleración do impacto de turismo se control.
10. Presentada por CA sobre os servizos de conserxarías e limpeza dos centros educativos e das instalación deportivas que actualmente están sen contrato.

Antes de entrar no estudo dos asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación ten lugar a intervención de don David Rouco Varela en representación do colectivo dos conductores que prestan os seus servizos na liña de autobuses ao aeroporto.

Previa declaración de urxencia acordada unanimidade do Pleno da Corporación, inclúense para ser tratadas na presente sesión as seguintes mocións:

Moción urxente do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a problemática vivida polas traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Moción conxunta dos grupos municipais Socialista, Popular, Compostela Aberta e BNG, para apoiar a candidatura da asociación cultural e pedagóxica ponte... nas ondas ao rexistro de boas prácticas co patrimonio cultural inmaterial (PCI) da UNESCO.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO DÍA 29 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA URXENTE DO 13 DE OUTUBRO, AMBAS DE 2022.

O Pleno da Coporación por unanimidade aproba as actas correspondentes as sesións ordinaria do día 29 de setembro e extraordinaria e urxente do 13 de outubro, ambas do corrente ano.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022-REC-02. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS PARA APROBAR UNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413.

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extrajudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2021 incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **24.735,53 euros**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenas para o seu recoñecemento extrajudicial de crédito remitidas centro xestor 38.

2. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión extraordinaria do día 24.10.2022.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017)

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2021, aprobada mediante resolución núm. 2022/4163 de 11 de abril, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, púxose de manifesto a existencia de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2021 por un importe total de 8.256.814,84 euros.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2021, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2021, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2021, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento vixente, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2021 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2021 que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **24.735,53 euros**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 24.735,53 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) acorda:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 24.735,53 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O INICIO DAS OBRAS DA PONTE SOBRE O FERROCARRIL EN MARROZOS E A MELLORA DO SEU ENLACE COA AC-960 NA SUSANA.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto para a mellora da ponte sobre liña ferroviaria que conecta os lugares de Outeiro e Argadán, na parroquia de Marrozos -que supón a ampliación da plataforma de 4 a 10 metros, incluíndo unha beirarrúa de 2 metros por un dos laterais- foi aprobado en maio de 2017, presentado ao POS+2017 da Deputación que financia a obra e adxudicado o 4 de abril de 2022 -sendo formalizado o contrato para a súa construción vinte días despois-, por un importe de 205.646 euros.

Segundo estipula a normativa de aplicación, as obras deberían ter comezado no mes de maio, logo de transcorrido o mes previsto para a sinatura da acta de implantación, polo que, tendo en conta o prazo establecido no contrato para o seu remate, as obras terían que ter concluído no pasado mes de setembro. Porén, a día de hoxe a ponte e os seus accesos continúan no mesmo estado de precariedade sen que, durante meses, desde o Goberno se teña ofrecido ningunha razón para esta parálise.

A raíz do anuncio dunha iniciativa plenaria sobre este asunto por parte deste Grupo, o Goberno deu a coñecer a existencia dun escrito da empresa no que ao parecer comunica a imposibilidade de acometer a obra.

Para o Grupo Popular, o acontecido con este obra vén a constatar a falta de información, control, xestión e supervisión dos contratos que caracteriza ao Goberno local e vense á sumar aos clamorosos atrasos doutras moitas actuacións que superaron con creces os seus prazos e foron obxecto de sucesivas prórrogas, ou doutras que permanecen sen iniciar, mentres se anuncian outras novas. Como exemplo deste proceder temos as obras das rúas de Concheiros e do Hórreo, a ponte de Vidán, o aparcamento de Triacastela, o muro do Pombal, o selado do vertedoiro de Aríns ou as instalacións deportivas de Figueiras.

A actuación de mellora da ponte de Marrozos fai necesario contemplar a necesidade de acometer, a seguir, a mellora do seu enlace coa estrada AC-960 (A Susana-Vila de Cruces), dando continuidade ás obras acometidas hai cinco anos cando se afrontou a 1ª fase duns 500 metros entre o cruce da estrada autonómica ata o Outeiro de Marrozos. Daquela quedou pendente a ampliación da plataforma para unha segunda fase nun tramo duns 400 metros ata conectar co paso sobre a antiga liña ferroviaria

Santiago-Ourense, un trazado no que existe un acusado estreitamento.

Conforme ao exposto, o Grupo Popular presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno a que, á maior brevidade posible, dea os pasos necesarios para o inicio das obras da ponte sobre a liña ferroviaria que comunica os lugares de Outeiro e Argadán, na parroquia de Marrozos, así como a redacción da segunda fase do proxecto para enlazar esta infraestrutura coa estrada AC-960 (A Susana-Vila de Cruces)."

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras acorda instar ao correspondente órgano do goberno a que, á maior brevidade posible, dea os pasos necesarios para o inicio das obras da ponte sobre a liña ferroviaria que comunica os lugares de Outeiro e Argadán, na parroquia de Marrozos, así como a redacción da segunda fase do proxecto para e nlazar esta infraestrutura coa estrada AC-960 (A Susana-Vila de Cruces).

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA EVITAR A OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

"O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, aumentou o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas por parte das mafias en España, ao igual que continuou o incremento das denuncias por violación ou ocupación a domicilios, segundo datos do Ministerio do Interior.

Galicia tampouco é allea a ese fenómeno. Os medios de comunicación facíanse eco recentemente dun informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, que cifraba en 600 vivendas as ocupadas en Galicia, cun incremento do 15,3 % respecto do ano anterior, concluíndo que a usurpación e violación de vivendas constitúe un grave problema social.

Tamén en Santiago, periodicamente, os medios informativos veñen dando conta de ocupacións de vivendas en distintas zonas (rúa dos Roláns, Pontepedriña, Belvís, arredores dos barrios do Carme e de San Lourenzo, Costa do Cruceiro do Gaio, Algalia de Arriba, Conxo, Castiñeiriño, Pelamios ...), a máis próxima no tempo -hai escasamente dous meses-, a ocupación dunha vivenda na rúa do Medio.

En relación con esta situación na nosa cidade, o Grupo Popular presentou varias iniciativas plenarias en relación coa necesidade primordial de modificar o marco lexislativo para combater a ocupación ilegal no marco do Estado e para propoñer medidas de actuación no marco local, coa posibilidade de crear un servizo de asesoramento para atender ás persoas propietarias afectadas, formación da policía, aprobación do protocolo de actuación e elaboración de guías informativas, así como o seu aloxamento na páxina web do Concello etc. sen que ata o momento se rexistrara ningún avance significativo que incidira na resolución deste grave problema.

A vivenda protéxese no ordenamento xurídico español para evitar a ocupación («okupación», como popularmente se coñece a estas accións ilegais), tanto desde a perspectiva penal como civil e administrativa. A ocupación, en efecto, é a tenencia ou posesión dun ben de maneira ilexítima e ilegal, en contra da vontade do propietario ou posuidor con título ou dereito.

O Código Penal contén, en primeiro lugar, o delito de usurpación no seu artigo 245, como medida evidentemente desalentadora do movemento da denominada ocupación, en palabras da Sentenza do Tribunal Supremo 720/2018, do 13 de decembro de 2018. Esta resolución tamén indica que *«concorrendo espazos de protección superpostos»* a vivenda protéxese na vía civil *«a través dos procesos “sumarios” de protección do dereito real inscrito (art. 250.1.7 Lei da Axuizamento Civil -LAC- en relación co artigo 41 Lei Hipotecaria), interditais (art. 250.1.4 da LAC en relación co 446 do Código Civil -CC-) ou do desafiuzamento por precario (con forza de cousa xulgada, e por iso con plenitude de coñecemento e medios probatorios, relativo ao ámbito posesorio de cuxa recuperación se trata), con fundamento no dereito á posesión real do titular, coas consecuentes facultades de exclusión e de recuperación posesoria, derivados do CC e da LAC (sen que poida opoñerse a posesión clandestina e sen coñecemento do posuidor real que, conforme ao art. 444 do CC non afectan á posesión)»*

En segundo lugar, a defensa contra actos que perturben a posesión dun inmovible destinado a vivenda que se contén no mencionado artigo 250.1.40 da LAC 1/2000, foi modificado pola Lei 5/2018, de modificación da LAC, con resultados moi positivos en canto ao acurtamento de prazos e axilización de procedementos, cun tratamento especial do xuízo verbal para o exercicio do interdicto de recobrar a posesión. A nova lei permite pedir a inmediata recuperación da plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se vira privada dela sen o seu consentimento a persoa física que sexa propietario ou posuidor lexítimo por outro título e tamén as entidades sen ánimo de lucro con dereito a posuír a vivenda, así como tamén as entidades públicas propietarias ou posuidoras lexítimas de vivenda social.

En terceiro lugar, a vivenda protéxese administrativamente a través da Lei Orgánica de Seguridade Cidadá na que se recolle como infracción leve -no artigo 37 do seu texto- a ocupación de calquera inmovible, vivenda ou edificio alleo, ou a permanencia neles, en ambos os casos contra a vontade do seu propietario, arrendatario ou titular doutro dereito sobre o mesmo, cando non sexan constitutivas de infracción penal.

As tres vías xurídicas redundan na protección do dereito a vivenda (que é un principio reitor do artigo 47 da Constitución) e o dereito á propiedade privada sen esquecer a función social determinada legalmente desta (que é un verdadeiro dereito constitucional, referente aos dereitos e liberdades, que se sitúa entre os «dereitos e deberes dos cidadáns» da Sección 2.a).

Pero ademais das medidas legais xa existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión lexítima e pacífica, o ordenamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección efectiva dos titulares de dereitos e, ademais, ha de ter en conta un ben xurídico a protexer que ata o de agora non tivo a debida consideración: a convivencia veciñal pacífica e respectuosa en aras da seguridade das persoas e as cousas.

Trátase de situacións, moi comúns, na que a ocupación dunha vivenda de maneira ilegal e en contra do titular da mesma produce unha alteración da convivencia veciñal,

é dicir, non se entende unicamente perturbado o dereito do propietario ou posuidor lexítimo, cuxa defensa xa contempla o ordenamento xurídico, senón que se provoca unha inseguridade dos veciños da comunidade de propietarios na que se instalan os ocupantes ilegais.

Ás veces pola ruptura das normas de réxime interno de convivencia, por realizar actuacións prohibidas, nocivas, insalubres ou en xeral vedadas ao resto de veciños que si conviven con títulos xurídicos. As duras consecuencias, non só para a propiedade senón tamén para a seguridade que ten a ocupación nas súas diversas formas, aconsellan un reforzo das medidas actualmente existentes no ordenamento xurídico, tanto a nivel penal como administrativo e civil. A iso únese un ámbito, o da Comunidade de Propietarios, que sendo civil, quedou ata o de agora sen mención xurídica.

En definitiva, trátase de asegurar o desaloxo inmediato da vivenda ocupada no caso de que a situación sexa de flagrante delito, e no caso de que non o sexa en 24 horas por parte da Policía; a recuperación do delito de usurpación de bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos para que se poidan tomar medidas cautelares; así como a imposibilidade de que, quen ocupa, se poida empadroar e ter acceso a determinados beneficios e de endurecer as penas no caso de que se trate de mafias organizadas.

Estas medidas deben deslindar con claridade, por unha parte, as situacións de vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda e de protección ás familias en situación de emerxencia social; e, por outra parte, o fenómeno da ocupación ilegal a que esta iniciativa responde. A un ocupa non se lle desafiuza, desalóxase; e ao vulnerable, protéxeselle, sen que o Estado lle traslade á cidadanía as súas propias responsabilidades en ningún de estes dous casos.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ante o Pleno a adopción do seguinte acordo:

“1. O Concello de Santiago insta ao Goberno de España a que promova:

- A modificación dos artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal, para endurecer as penas no caso de ocupación da vivenda ou inmovble, especialmente no caso de mafias; e a recuperación do delito de usurpación de bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos.

- A inclusión de novas medidas procesuais na Administración de Xustiza para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmovble, co obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viran privados da mesma sen o seu consentimento. Con ese fin, que se proceda ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, en caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía ou, de ser o caso, nun máximo de 48 horas.

- A modificación da Lei 49/1960, sobre propiedade horizontal, co fin de que se habilite ás comunidades de propietarios como persoas xurídicas para que poidan iniciar os procesos de recuperación da vivenda, en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

- A inclusión dun novo apartado no artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, para evitar a inscrición no padrón municipal dunha persoa ocupante

ilegal, así como solicitar que se esta inscrición se ten producido, se considere nula e non constitúa proba da súa residencia ou domicilio nin se lles atribúa ningún dereito. A tales efectos, os concellos darán de baixa de oficio ou a instancia do propietario ou posuidor real lexítimo as inscricións en canto tiveran coñecemento delas.

- A modificación da lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustifiquen a non percepción de rendas.

2. Pola súa parte, o Concello de Santiago axilizará o estudo e, se fose o caso, poñerá en marcha un servizo de asesoramento dirixido a atender as situacións de ocupacións ilegais de vivendas no termo municipal, tomando en consideración as propostas realizadas nun anterior pleno (1.- Formación específica a un grupo reducido da Policía Local, de xeito que ante calquera denuncia se lle comunique ao dito grupo que active un protocolo de actuación previamente establecido, como a comunicación inmediata co Colexio de Avogados e a Comisaría da Policía Nacional; 2.- Convenio co Colexio de Avogados para o asesoramento inmediato; 3.- Aprobación do protocolo de actuación e elaboración de guías informativas, así como o seu aloxamento na páxina web do Concello). Todo iso, obviamente, sen prexuízo da atención ás persoas con necesidade perentoria de aloxamento, coa finalidade de contribuír a preservar os dereitos constitucionais da propiedade privada e do dereito a unha vivenda digna.”

No transcurso do debate auséntase un breve espazo de tempo o señor alcalde pasando a presidir a sesión a tenente de alcalde dona Mercedes Rosón.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA e do BNG, acorda:

1. Que o concello inste ao Goberno de España a que promova:

- A modificación dos artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal, para endurecer as penas no caso de ocupación da vivenda ou inmovble, especialmente no caso de mafias; e a recuperación do delito de usurpación de bens inmovbles con penas de entre 3 e 5 anos.

- A inclusión de novas medidas procesuais na Administración de Xustiza para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmovble, co obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viran privados da mesma sen o seu consentimento. Con ese fin, que se proceda ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, en caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía ou, de ser o caso, nun máximo de 48 horas.

- A modificación da Lei 49/1960, sobre propiedade horizontal, co fin de que se habilite ás comunidades de propietarios como persoas xurídicas para que poidan iniciar os procesos de recuperación da vivenda, en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

- A inclusión dun novo apartado no artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, para evitar a inscrición no padrón municipal dunha persoa ocupante ilegal, así como solicitar que se esta inscrición se ten producido, se considere nula e

non constitúa proba da súa residencia ou domicilio nin se lles atribúa ningún dereito. A tales efectos, os concellos darán de baixa de oficio ou a instancia do propietario ou posuidor real lexítimo as inscricións en canto tiveran coñecemento delas.

- A modificación da lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustifiquen a non percepción de rendas.

2. Pola súa parte, o concello axilizará o estudo e, se fose o caso, poñerá en marcha un servizo de asesoramento dirixido a atender as situacións de ocupacións ilegais de vivendas no termo municipal, tomando en consideración as propostas realizadas nun anterior pleno (1.- Formación específica a un grupo reducido da Policía Local, de xeito que ante calquera denuncia se lle comunique ao dito grupo que active un protocolo de actuación previamente establecido, como a comunicación inmediata co Colexio de Avogados e a Comisaría da Policía Nacional; 2.- Convenio co Colexio de Avogados para o asesoramento inmediato; 3.- Aprobación do protocolo de actuación e elaboración de guías informativas, así como o seu aloxamento na páxina web do Concello). Todo iso, obviamente, sen prexuízo da atención ás persoas con necesidade perentoria de aloxamento, coa finalidade de contribuír a preservar os dereitos constitucionais da propiedade privada e do dereito a unha vivenda digna.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DOS SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS NA PEREGRINA.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a mellora dos servizos básicos na Peregrina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación veciñal da Peregrina trasladou unha listaxe de necesidades para mellorar a situación deste barrio e solucionar os problemas que padece pola falta de atención dos servizos básicos municipais.

Deste xeito, no relativo á seguranza viaria, demandan pasos de peóns, o arranxo das pistas e a creación de roteiros para pasear pola natureza e visitar lugares de interese. Así, propoñen a restauración de muíños, limpeza e sinalización das marxes do río Sarela ao seu paso pola parroquia da Peregrina, desde o seu nacemento en Pardaces de Arriba até o Romaño. Outras rutas que se poden sinalizar son o acceso ao Monte Pedroso desde as aldeas do Queiroal e Pardaces de Arriba, ademais da ruta dos muíños no río Gatofero na aldea de Bargo, polo seu seu interese etnográfico.

Por outra parte, é necesaria a roza da vexetación nas marxes das principais vías de comunicación da parroquia e a construción de cunetas no vial de Pardaces de Abaixo, que ocasiona problemas de asolagamento en parcelas e vivendas pola falta de canalización das augas.

A reposición da sinalización viaria e a instalación de novos paneis para identificar lugares tamén son outras das melloras que propoñen.

As marquesiñas están moi deterioradas e hai lugares onde urxe a súa instalación, como a nova rotonda da variante de Aradas que está a ser empregada como parada

de autobús escolar. Consideran de utilidade estender a liña 4 de autobús urbano até esta rotonda, para facilitar a mobilidade das persoas residentes nesa zona.

Ademais, propoñen a dotación dun parque biosaudábel e dunha zona de xogos tradicionais e canastras de baloncesto adaptadas para nenos e nenas no recinto exterior do local social da Peregrina, para a mellora das instalacións deportivas.

A todo isto hai que sumarlle o mal estado en que está o local social despois das obras efectuadas, con presenza de humidades, a corrección das deficiencias de accesibilidade e a dotación de elementos para o xogo infantil na súa contorna.

É necesaria unha maior iluminación en diversos puntos da parroquia e a renovación progresiva por lámpadas máis eficientes e de baixo consumo enerxético, para conseguir unha maior visibilidade e un aforro económico.

Sobre os residuos, solicitan que se incremente a frecuencia de recollida xa que na actualidade só teñen este servizo martes e sábado. Tamén consideran fundamental que se renoven os colectores de lixo orgánico, de papel, de plástico e de vidro que se atopan moi deteriorados e a instalación destes modelos de recollida selectiva nos núcleos en que non existen. Requiren a dotación dun colector de depósito de pilas e de aceite usado para toda a parroquia.

Outra das demandas que o Goberno local debe reclamarlle á Xunta é a dotación da rede de saneamento e abastecemento de auga potábel na maioría dos núcleos desta parroquia, así como realizar o mantemento correspondente das redes de sumidoiros e da estación de bombeo do Queiroal.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago terá en conta a listaxe de propostas da asociación veciñal da Peregrina para mellorar os servizos básicos municipais e incluír todas aquelas que foren posíbeis de realizar, logo do seu estudo e da redacción de proxectos se for preciso, coas correspondentes partidas nos Orzamentos de 2023.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello terá en conta a listaxe de propostas da asociación veciñal da Peregrina para mellorar os servizos básicos municipais e incluír todas aquelas que foren posíbeis de realizar, logo do seu estudo e da redacción de proxectos se for preciso, coas correspondentes partidas nos Orzamentos de 2023.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA AVANZAR NA RENOVACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO MUNICIPAL

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxectivo do acordo é avanzar na licitación do novo contrato de transporte público municipal, que garanta un proceso de concesión baixo control público, aberto e en igualdade de condicións para facilitar a concorrência e unha renovación da frota de

buses, así como o mantemento da rede de liñas consensuada coa veciñanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A renovación do contrato de concesión do transporte público municipal é un dos temas recorrentes, cada vez que na cidade vivimos algún problema cos buses, coma o da semana pasada e que por desgraza cada día son máis frecuentes. Durante o anterior mandato, prorrogouse para poder iniciar unha nova licitación que contemplara unha renovación total da rede e da flota dos buses. Esta revisión da rede realizouse a través dun proceso aberto e dialogado que a través do Pacto Local pola Mobilidade tivo como obxectivo consensuar unha nova rede de liñas, como resultado de innumerables reunións e da recollida de propostas e suxestións da veciñanza e de todas as persoas e asociacións participantes no Pacto.

Tras este deseño da rede o Prego quedou preparado en Maio de 2019, despois de que a entrada en vigor da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público obrigara a reiniciar todo o proceso. E sobre todo isto sempre houbo información transparencia e diálogo ata que cambiou o Goberno municipal e co Sr Bugallo e o seu concelleiro Sr. Muíños todo pasou a ser ocultación e secretismo. Todos os membros do Consello de administración de Tussa, empresa municipal que ten que xestionar o servizo, podemos dar conta da cantidade de veces que se lle preguntou polo tema e evitaron dar explicacións ou da cantidade de veces que fomos coñecedores a través da prensa de informacións e prazos que nunca se cumpriron.

Hai que recordar que nas primeiras semanas do Goberno, alá por xuño de 2019, o concelleiro Gonzalo Muíños dixo que o novo contrato dos autobuses estaría licitado antes de rematar ese ano 2019. Ese foi o seu primeiro prazo, que repetiría tras a presentación dunha proposta do noso grupo municipal para darlle continuidade aos traballos existentes co mantemento da nova rede de liñas deseñado no mandato anterior.

Despois, na presentación do fallido Plan de Contratación de 2020, a concelleira Marta Abal e o propio alcalde puxeron unha nova data: xullo de 2020. Por certo, dixérono en xuño de 2020, así que entendemos que tamén daquela daban por concluídos os pregos. Pois tampouco cumpriron ese prazo.

E despois disto, aínda tivemos que pasar polo problema que causou ter que asumir a finais do 2020 a xestión de catro liñas que seguían dependendo da Xunta e que provocou o despedido dos traballadores da liña que cubría o servizo ao aeroporto, por non estar licitado o contrato e pola inacción do goberno municipal para facilitar a subrogación tal e como recoñeceron diversas sentenzas xudiciais.

Agora poñen a escusa de que a licitación se atrasa por mor das novas directrices estatais para a incorporación de vehículos non contaminantes. É certo, pero o problema é que o contrato tiña que estar licitado antes de que o Estado aprobara esa nova norma.

O novo contrato do transporte aparece agora recollido no Plan de Contratación de 2022 cun importe de 130 millóns de euros, que son 13 millóns máis do que figuraba no Plan de Contratación de 2020. Conseguirán licitalo neste novo prazo? Pois é todo un misterio, porque a realidade é que cando Bugallo chegou ao Goberno recibiu uns pregos feitos, despois da revisión de todas as liñas e a rede. Non conseguiu desbloquear a licitación en máis de tres anos e por moito que lle enfade ao señor

Muíños, seguimos sen saber cal é a situación actual do proceso. Botamos en falta, unha vez mais a falta de transparencia e diálogo co resto dos grupos e a veciñanza, evitando a convocatoria do Pacto Local pola Mobilidade para poder compartir a información sobre este proceso.

Un dos obxectivos prioritarios establecidos naqueles pregos redactados no mandato anterior, era garantir un proceso aberto e transparente, no que o concello contase cunha base para o servizo de transporte público que facilitase a concorrência en igualdade de condicións de calquera operador, para poder facer esa renovación tan necesaria da flota actual e incorporar a mobilidade eléctrica ao transporte público municipal.

Tendo en conta todo o anterior, e que o noso Concello necesita de forma urxente a renovación da Flota de buses e a implantación dunha rede de liñas e frecuencias que faciliten a súa utilización, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a explicar a situación actual do proceso de licitación e a establecer un protocolo de información, Pacto Local pola Mobilidade ou similar para mellorar a súa comunicación co resto dos grupos e a veciñanza en xeral.
2. Solicitar ao goberno local o mantemento da rede prevista e consensuada no anterior mandato, incluíndo o bus directo ao aeroporto e explicar ante a veciñanza este mapa de liñas e frecuencias previstas coa implantación do novo servizo.
3. Establecer no prego de licitación as condicións necesarias para un proceso de concorrência en igualdade de condicións e que garantice a subrogación e o mantemento de todos os traballadores que prestan o servizo, incluídos aqueles que foron despedidos no ano 2020 ao non facerse efectiva a súa subrogación.
4. Instar ao goberno local a avanzar nun modelo de transporte específico para o rural que permita estender o transporte público a todas as parroquias do noso concello."

A presente proposición presentou emenda o grupo municipal do PP, de modificación do punto 2 do acordo, co seguinte contido:

"2. Solicitar ao goberno local que transparente os fundamentos técnicos, sociais e económicos da rede e da frota previstas, incluíndo o bus directo ao aeroporto e explicar ante a veciñanza este mapa de liñas e frecuencias previstas coa implantación do novo servizo."

Rematado o debate e tras ser aceptada a emenda presentada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a explicar a situación actual do proceso de licitación e a establecer un protocolo de información, Pacto Local pola Mobilidade ou similar para mellorar a súa comunicación co resto dos grupos e a veciñanza en xeral.

2. Solicitar ao goberno local que transparente os fundamentos técnicos, sociais e económicos da rede e da frota previstas, incluíndo o bus directo ao aeroporto e explicar ante a veciñanza este mapa de liñas e frecuencias previstas coa implantación do novo servizo.

3. Establecer no prego de licitación as condicións necesarias para un proceso de concorrência en igualdade de condicións e que garantice a subrogación e o mantemento de todos os traballadores que prestan o servizo, incluídos aqueles que foron despedidos no ano 2020 ao non facerse efectiva a súa subrogación.

4. Instar ao goberno local a avanzar nun modelo de transporte específico para o rural que permita estender o transporte público a todas as parroquias do noso concello.

Cando son as 12:24 horas faise un descanso, e volve a reanudarse a sesión ás 12:48 horas, incorporándose a totalidade dos/as asistentes, agás o señor interventor.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA IMPULSAR A EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS RECOLLIDAS NA ESTRATEXIA-REVIVE SANTIAGO-EDUSI, INFORMAR AOS GRUPOS DA CORPORACIÓN, E CONVOCAR O ÓRGANO DE PARTICIPACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA EDUSI.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo que o goberno municipal convoque o Órgano de Participación, Seguimento e Avaliación da estratexia *ReVive Santiago - EDUSI Cidade accesible, patrimonial e inclusiva* para dar conta do desenvolvemento deste programa financiado con fondos europeos, informe aos grupos municipais, e impulse a execución das actuacións pendentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na Estratexia Europa 2020 a Unión Europea sinalou o camiño para o seu futuro. Tratábase de crear as condicións propicias para un crecemento distinto, máis intelixente, sustentable e integrador. Neste sentido, as cidades son eixos primordiais deste modelo de desenvolvemento sustentable, e por iso o Programa Operativo de Crecemento Sustentable (POCS), cofinanciado polo FEDER, incluíu no seu Eixo 12: Desenvolvemento urbano integrado e sustentable, o cofinanciamento de actuacións que estean dentro dunha estratexia urbana global e integrada.

Unha sustentabilidade urbana que deber facer referencia á mellora duradeira e a longo prazo das condicións sociais, económicas e ambientais dunha área urbana singular. Sendo necesario para conseguila dispor dunha estratexia coherente e equilibrada e non unicamente de proxectos que aborden problemáticas específicas.

Neste marco europeo, o Pleno do Concello de Santiago aprobou o 12 de xaneiro de 2016 a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) da cidade co obxectivo de presentar a súa candidatura *ReVive Santiago - EDUSI Cidade accesible, patrimonial e inclusiva* que finalmente foi aprobada mediante resolución do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de data 29 de setembro de 2016. Polo tanto, a estratexia articulouse a través deses tres vectores que determinaban os

obxectivos a alcanzar a longo prazo.

COMPOSTELA ACCESIBLE: unha aposta pola mobilidade sostible e por un concepto amplo de accesibilidade universal que chegue a servizos e dotacións.

COMPOSTELA INCLUSIVA: accións para a posta en valor dos barrios e asentamentos de poboación “non centrais”, en todos os sentidos, para derivar na cidade policéntrica, a cidade vivida, a cidade dos barrios.

COMPOSTELA PATRIMONIAL: a posta en valor do binomio patrimonio natural-cultural: verde e auga-pedra.

E para despregar a estratexia e acadar os resultados esperados, definíronse un total de 18 liñas de actuación que se enmarcan dentro dos tres vectores estratéxicos que sustentan a EDUSI, e que son o seu fío condutor. Do total de liñas de actuación previstas, dez están aliñadas cos Obxectivos Estratéxicos do POCS:

1. Rexeneración económica e social de barrios e/ou colectivos desfavorecidos
2. Revitalización do espazo público das comunidades desfavorecidas
3. Actuacións en vivendas en barrios desfavorecidos
4. TIC para a mellora da calidade de vida
5. Recuperación do espazo público urbano e mellora do entorno
6. Fomento da mobilidade urbana sostible
7. Recuperación e promoción do patrimonio natural
8. Rehabilitación e promoción do patrimonio histórico, arquitectónico e cultural
9. Promoción de activos culturais e naturais orientados ao desenvolvemento do turismo
10. Fomento da eficiencia enerxética e do uso das enerxías renovables

As diferentes actuacións concretas incluídas nos vectores estratéxicos da EDUSI, deseñadas para a súa execución a longo prazo, estaban orzadas en 12.500.000 euros, dos que 10.000.000 euros serían achegados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER, e 2.500.000 euros polo Concello.

A participación cidadá entendeu-se como un elemento clave tanto na elaboración como no desenvolvemento posterior da EDUSI. Por iso, en decembro de 2017 constituíse un Órgano de Participación, Seguimento e Avaliación, formado polas entidades representantes dos diferentes axentes veciñais, económicos e sociais máis representativos de Santiago. No que levamos de mandato, só consta unha reunión deste órgano: o 17 de setembro de 2020.

Polo tanto, o Goberno leva máis de dous anos sen render contas sobre a execución da EDUSI e obviando tamén a obriga de fomentar a participación que vai parella á concesión dos fondos europeos que permiten financiar a estratexia.

En abril de 2022, o Goberno respondeu por escrito a unha solicitude de información formulada polo grupo municipal de Compostela Aberta tanto sobre a execución das liñas de actuación do programa Revive Santiago-Edusi, como das xuntanzas do Órgano de Participación, Seguimento e Avaliación da Estratexia. Entre a documentación achegada, figura a acta da reunión dese órgano, celebrada o 17 de setembro de 2020. Nela recóllese o seguinte:

A continuación pásase a abordar o cuarto punto da orde do día e toma a palabra a

concelleira de Economía e Facenda Marta Abal, que pasa a facer unha exposición do estado de execución das outras operacións da Edusi,

- Comeza coa OT2 onde indica os contratos pendentes de contratar da operación en curso e indica que cos 600.000 € pendentes de asignar, pretende preparar unha operación para por en marcha os sistemas de interconexión administrativa entre a nova solución de administración electrónica e as outras Administracións,
- En relación co OT4, indícase que a actualización do PMUS está en proceso de licitación e que Clara Campoamor está xa na súa última fase de execución. Tamén comenta que existe un montante de orzamento pendente de asignar, pero que o seu destino final dependerá da redacción final da actualización do PMUS, posto que se debe empregar en operacións de melloras da mobilidade,
- Con respecto ao OT6, salienta que a obra de Patio de Madres xa está finalizada e que as actuacións no entorno do Castelo da Rocha seguen o seu curso, estando a piques de comezar a obra do interior e que no exterior estase a expensas das sondaxes arqueolóxicas valorativas que terán lugar no próximo mes. Tamén manifesta a satisfacción pola aceptación por parte do Ministerio da nosa proposta de intervención no Campus Sur, indica que con respecto aos accesos ao Parque de Belvís, estase na fase de redacción do proxecto de obra e finalmente fala das dúas novas operacións que se van lanzar nas próximas semanas: por unha banda o acondicionamento da Casa das Máquinas como espazo de dinamización cultural e por outra parte a Restauración do río Sarela, cuxa Expresión de Interese está en redacción e en valoración o itinerario final elixido para minimizar o custo derivado de expropiacións, A Concelleira entende que esta operación podería ser explicada con mais detalle na próxima reunión deste Órgano de Participación.
- Finalmente, Marta explica o grao de previsión de execución da Edusi de aquí a final de ano e indica que haberá operacións seleccionadas que representan o 84% do orzamento total da Estratexia.
- A representante da Asociación de Veciños de Santa Marta pregunta cando se estima que se realizarán as obras do Campus Sur e cando será a súa duración, ao que a Concelleira resposta que as obras comezarán unha vez estea redactado o proxecto e en todo caso ao longo do ano 2021 e que a duración non será moi longa.

Ademais, o Goberno remitiu ao Goberno de Compostela Aberta outros dous documentos: a proposta de orzamento plurianual, actualizado a data 21.03.2022; e os documentos que establecen as condicións das axudas (DECAS) das operacións novas seleccionadas e admitidas como subvencionables no exercicio 2021. Entre estas, figuran a mellora da accesibilidade en vivendas de barrios desfavorecidos, a asistencia técnica para a comunicación da EDUSI, ou a restauración do contorno dos ríos Sar e Sarela.

As actuacións incluídas na EDUSI deben estar rematadas a 31 de decembro de 2023, e así figuran anualizadas mesmo na última proposta de orzamento plurianual actualizado en marzo. Non en tanto, unha simple ollada á Plataforma de Contratación do Estado dá conta da parálise na que se atopan boa parte dos proxectos. Son moitos os que nin sequera saíron a licitación, como é o caso das tres últimas operacións seleccionadas e incorporadas á EDUSI, malia que nas fichas que lle foron remitidas ao Ministerio de Facenda figuraban xa orzadas para o ano 2022.

Mesmo hai actuacións que, segundo a planificación orzamentaria, deberan estar xa concluídas no ano 2022, como é o caso do Plan de Mobilidade, que, pola contra, acaba de ser adxudicado neste mesmo mes de outubro e que ten un prazo de execución dun ano. Neste caso, resulta aínda máis preocupante o atraso, tendo en conta que a propia concelleira de Facenda admitía que do PMUS dependía a definición doutras liñas de actuación a financiar con cargo aos fondos da EDUSI.

En peor situación atópase aínda o Centro Integral para a Inclusión Social. Inexplicablemente, a redacción do proxecto nin sequera foi adxudicada en Xunta de Goberno, malia que só se presentou unha oferta na licitación, tal e como consta no informe da mesa de contratación celebrada o 1 de xullo. En canto ás obras de mellora do Campus Sur, a redacción do proxecto está adxudicada, pero nada máis se soubo sobre a súa execución, que a propia Marta Abal comprometera para o ano 2021.

Tampouco houbo avances en canto á actuación de mellora da conexión do Parque de Belvís, o Centro de Excelencia Tecnolóxica de Emprego e Coñecemento, ou mesmo dalgunhas actuacións relacionadas coa administración electrónica.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao órgano competente a convocar coa maior urxencia posible do Órgano de Participación, Seguimento e Avaliación da estratexia *ReVive Santiago - EDUSI Cidade accesible, patrimonial e inclusiva* para dar conta do desenvolvemento e cronograma das accións aínda por desenvolver dentro deste programa financiado con fondos europeos.
2. Instar ao goberno municipal a compartir e pór en común cos grupos municipais a información e cronograma das accións pendentes correspondentes á estratexia ReVive Santiago – EDUSI.
3. Instar ao goberno municipal a impulsar a execución das actuacións pendentes no marco da estratexia ReVive Santiago-EDUSI e, no seu caso, a negociar co Ministerio de Facenda as prórrogas precisas para garantir que non se perda o financiamento europeo das mesmas.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao órgano competente a convocar coa maior urxencia posible o Órgano de Participación, Seguimento e Avaliación da estratexia ReVive Santiago - EDUSI Cidade accesible, patrimonial e inclusiva para dar conta do desenvolvemento e cronograma das accións aínda por desenvolver dentro deste programa financiado con fondos europeos.
2. Instar ao goberno municipal a compartir e pór en común cos grupos municipais a información e cronograma das accións pendentes correspondentes á estratexia ReVive Santiago – EDUSI.
3. Instar ao goberno municipal a impulsar a execución das actuacións pendentes no marco da estratexia ReVive Santiago-EDUSI e, no seu caso, a negociar co Ministerio

de Facenda as prórrogas precisas para garantir que non se perda o financiamento europeo das mesmas.

8. DAR CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE CA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE NA COMISIÓN DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VIVENDA, MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E SERVIZOS.

Dáse conta do escrito presentado polo grupo municipal de CA no que corrixen o anterior presentado con data 10 de outubro do corrente ano, do que se deu conta na sesión plenaria extraordinaria do día 13 de outubro pasado, designando representante dese grupo a Dona María Rozas Pérez en substitución de Dona Marta Lois González na Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Facenda e Especial de Contas, onde debería dicir: na Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do 23 de setembro ao 20 de outubro de 2022.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/00042074S

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 19 de setembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00042943X

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 26 de setembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00043722F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de setembro de 2022. (12:20 horas).

ASUNTO XGL/2022/00043840X

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de setembro de 2022. (14:20 horas).

ASUNTO XGL/2022/00044049N

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de setembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00043897K

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00044527F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 4 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00045245N

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 7 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00044990X

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 10 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00045497B

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00045880A

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00046169Q

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 17 de outubro

de 2022.

10. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelacións:

1. Formulada por CA sobre o acordo asinado para viabilizar os orzamentos de 2022.

Rogos:

1. Formulado polo BNG para a correcta instalación dos rexistros de servizos de abastecemento, saneamento e enerxía.
2. Formulado polo BNG para a revisión do estado de autobuses urbanos, tendo en conta a demora na licitación do concurso.
- 3.- Formulado polo BNG para facilitar o transporte de estudantes os domingos aos campus universitarios.
4. Formulado polo PP para proceder as labores de roza e limpeza entre a rúa Clara Campoamor e as Fontiñas.
5. Formulado polo PP para avanzar nunha maior accesibilidade de semáforos e autobuses para persoas con dificultades visuais.
6. Formulado polo PP para a ampliación ou diversificación das actividades do programa "Vive o verán 2023" a centros socioculturais no rural.
7. Formulado por CA para a implantación de medidas que eviten o uso incorrecto do rego automático.
8. Formulado por CA para que se estableza a prioridade peonil na rúa parque San Xoán de Vista Alegre.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada polo BNG sobre queixas da veciñanza de Concheiros ante a supresión de paradas de autobús urbano.
2. Formulada polo PP sobre o adecentamento da fachada dun local municipal e outras melloras aprobadas na zona das Santas Mariñas, no barrio de Sar.
3. Formulada polo PP sobre a demora na adxudicación do proxecto do Centro integral para a inclusión social e as previsións ao respecto da actividade do CIAC.
4. Formulada polo PP sobre a colocación dos bancos na reurbanización da rúa dos Concheiros.
5. Formulada polo BNG sobre sancións impostas dende a posta en marcha do multimóvil.
6. Formulada por CA sobre o programa de compostaxe doméstica.
7. Formulada por CA sobre o proxecto de humanización da rotonda de Conxo.
8. Formulada por CA sobre os estudos en relación á mobilidade ciclista encargados no actual mandato.
9. Formulada polo BNG sobre as xestións realizadas para conseguir a readmisión dos condutores que facían a liña Santiago-Aeroporto.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo PP sobre o desprazamento a Málaga para asistir ao foro Greencities S-MOVING 2022.
2. Formulada por CA sobre a candidatura de Santiago para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial.
3. Formulada polo PP sobre os proxectos EDUSI.
4. Formulada por CA sobre as tapas de sumidoiros na cidade.
5. Formulada por CA sobre o proxecto de humanización da rotonda de Conxo.

Durante o debate do rogo 4, formulado polo PP, auséntase do salón de sesións Dona Mercedes Rosón, que volve a incorporarse no debate da pregunta oral núm. 1, formulada polo BNG.

Despois do debate da pregunta oral núm. 2, faise un descanso cando son as 14:09 horas e reanúdase a sesión ás 16:02 horas, á que se incorporan a totalidade dos asistentes agás dona María Rozas Pérez que se incorpora ás 16:07 horas.

11. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas e tratadas na presente sesión, son os que a continuación se relacionan:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nestes días a comunidade educativa galega inicia un novo curso académico. Trátase sen dúbida dun curso especialmente complexo tanto para as familias como para o profesorado e o alumnado.

Dunha banda as familias afrontan con dificultade o novo curso cunha perda de poder adquisitivo debido ao incremento xeneralizado dos prezos en toda Europa derivado da guerra en Ucraína e as súas consecuencias sobre a enerxía e as subministracións. As familias terán que facer fronte ao inicio de curso máis caro da historia cun custe medio nos centros públicos e concertados que supera os 480 euros por neno/a (libros de texto e material escolar).

A política actual do Partido Popular límitase a axudas mínimas ás rendas baixas (ate 10.000 euros, máximo 210 euros por neno), e alumnado con NEAE (65% discapacidade, 275 euros), e a unha axuda ridícula para material escolar de 50 euros ás rendas iguais ou inferiores a 6.000 euros; axudas que nin cobren os custes totais dos libros de texto, nin son universais. Pódese dicir que a Xunta de Galicia ten abandonado ás familias ante o curso máis caro da historia, pois nin ten actualizado as contías das axudas nin tampouco os limiares que permiten o acceso a elas. E todo isto, a pesar dos fondos recibidos por parte do Goberno do Estado, que o pasado 21 de agosto aprobou unha partida de 58 millóns de euros para este fin.

Resulta preciso contrastar este modelo coa gratuidade universal dos libros de texto implantada polo Goberno Bipartito, cuxa derogación no ano 2009 os/as galegos/as debemos ao específico empeño do Sr. Feijóo e ao seu primeiro goberno, do que, recordemos, tamén formaba parte o actual presidente da Xunta, o Sr. Rueda. Un sistema de gratuidade universal, para todos os/as usuarios/as de centros educativos sostidos con fondos públicos; medida que hoxe posúen comunidades como Andalucía, Valencia ou Navarra, e coa que sen dúbida todas as familias estarían hoxe protexidas fronte aos efectos da inflación no acceso a un dereito como é o dereito á educación.

Este é tamén un inicio de curso complexo para os docentes pola posta en marcha da

reforma do sistema educativo propiciado pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en adiante LOMLOE), que é clave para a modernización da educación deste país.

O profesorado afronta un reto fundamental que require todo o apoio e axuda da Xunta de Galicia, para o que se precisan recursos e colaboración. Non obstante, a resposta da Consellería de Educación é novamente a de facer recortes, dando as costas ao profesorado e ao estudantado.

Neste sentido, a Orde publicada o pasado día 12 agosto, de modificación de unidades e postos de traballo de docentes dos centros públicos amosa novamente a vontade de deteriorar a oferta pública galega con 100 docentes e case 60 unidades menos respecto ao curso anterior en Infantil e Primaria. Recortes que afectan a centros nos que o número de alumnado mantense, ou nalgún dos casos incluso medra.

Os novos recortes aplicados cara o inicio do presente curso 2022-23 supoñen:

O peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en zonas rurais.

A perda de profesorado de apoio ao alumnado especialmente vulnerable e con necesidades específicas de apoio educativo.

O aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "récord" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos por aula.

A redución da oferta educativa: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.

O aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden os orientadores.

A implantación de novos módulos de FP sen especialistas e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.

Estes novos recortes efectuados cara o inicio do curso 2022-23 consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos que abundan no seu deterioro. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación. Os datos din que hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento.

Faise preciso tamén denunciar o groseiro uso político que tanto o conselleiro Rodríguez como o presidente Rueda veñen facendo da necesaria adaptación do ensino no noso país á reforma educativa en vigor, mediante un alarmante deixamento das súas funcións, pois somos unha das sete comunidades autónomas que aínda non ten aprobados os decretos de adaptación á LOMLOE (catro delas gobernadas polo PP). É dunha grave irresponsabilidade facer oposición ao Goberno do Estado tomando como reféns ao estudantado de Galicia.

Por último, esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, que faga público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo Estado como pola UE para a mellora da educación pública (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas.

Por estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia:

1. A cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación e a pronta adaptación ás novas leis educativas.
2. A recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.
3. A que faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado.

MOCIÓN PARA SUBSANAR O TRATO DISCRIMINATORIO NA SUBVENCIÓN DAS BOLSAS DE COMEDOR QUE CONCEDE O CONCELLO.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago anunciou o pasado 7 de setembro que asumía o sobrecusto do servizo de comedor escolar deste curso, para permitir que as familias non tiveran que afrontar o maior gasto derivado do novo contrato municipal deste servizo.

Dende o Partido Popular entendemos que esta iniciativa comporta un trato discriminatorio entre as persoas usuarias dos servizos de comedores escolares, xa que só afecta a quen acode aos comedores xestionados polo Concello, deixando de lado a moitos nenos e nenas que non poden optar á subvención.

A concesión das axudas decidida polo Goberno local só contempla como perceptoras ás persoas usuarias de 10 comedores escolares; deixando a todas as que asisten a 3 comedores escolares de colexios públicos fóra desta subvención e, sen ter en conta tamén ás persoas usuarias dos comedores de centros concertados ou privados.

Nomeadamente, deixan fóra da subvención ás familias dos colexios Pío XII, López Ferreiro e Lamas de Abade, xunto ao resto de colexios e centros concertados e privados que operan no Concello.

Porén, a asunción deste sobrecusto do servizo -que se cifra en 400.000 euros por parte do Concello- non repara nas necesidades económicas das familias para outorgar

esta axuda.

Tendo en conta isto, o Grupo Popular propón que o importe total desta axuda sería moito máis eficaz se se sumase á cantidade que o Concello vén outorgando con destino a bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares do Concello. Desta forma, esa importante cantidade serviría para axudar ás familias con menos recursos, independentemente do centro no que estuden, evitando a situación discriminatoria que se daría destinando a axuda unicamente a aqueles centros onde o Concello asume o servizo, en detrimento dos que son xestionados polas propias ANPAS.

Conforme ao exposto, o Grupo Popular propón o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano do Goberno local a que destine a cantidade prevista para asumir o subrecusto do novo servizo municipal de comedores escolares ao conxunto dos centros de ensino público que no termo municipal ofertan o servizo de comedor escolar, para evitar un trato discriminatorio das persoas usuarias en función de que entidade xestione este importante servizo para o conxunto da comunidade educativa.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS E CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25-N, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia contra as mulleres supón a manifestación máis extrema da desigualdade que existe entre homes e mulleres, como o maior obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade xusta e igualitaria. Como é ben sabido, a causa de todas estas violencias machistas está directamente relacionada coa hexemonía patriarcal aínda vixente na nosa sociedade. É un problema estrutural, de aí que a súa erradicación esixa a posta en marcha de actuacións de carácter integral e transversal en todos os niveis da política institucional- local, galego, estatal- que busquen transformar esta cultura e que promovan unha sociedade plenamente igualitaria.

No que vai de ano, as cifras oficiais rexistran 34 mulleres asasinadas por violencia machista no conxunto do Estado español, e 1164 desde 2003, cando comezaron a recompilarse datos. Á maiores, e por primeira vez, da man da nova Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, e en cumprimento do Convenio de Estambul sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres, recóllense os datos oficiais de 19 *feminicidios* fóra do ámbito da parella e/ou exparella, correspondentes ao primeiro semestre de 2022. Ata o de agora, ese vínculo era necesario para que o asasinato fora contabilizado como feminicidio, e polo tanto eran moitos os casos que permanecían agochados, fóra do radar de control dos datos oficiais. A nova lei atende unha demanda histórica do movemento feminista, e da súa man nos rexistros oficiais do Estado empezan a contar casos como o de Jéssica Méndez, a moza de 29 anos do municipio pontevedrés de Barro, asasinada polo

veciño José Eirín, que cargou o seu coche contra ela no pasado mes de marzo, e que agora é oficialmente recoñecida como vítima da violencia machista.

Destes 19 feminicidios recollidos no primeiro semestre de 2022, o 58% cometéronse no ámbito familiar e un 32% son feminicidios sociais. O resto dos asasinatos –o 10% do total– corresponden a feminicidios sexuais: dúas mulleres menores de 16 anos. En resumo, no que levamos de 2022 as cifras son moi alarmantes: 53 mulleres foron asasinadas polas violencias machistas, 23 fillos e fillas quedaron orfos e un menor foi asasinado por violencia vicaria, segundo o conxunto dos datos oficiais coñecidos ata o momento.

Ante esta situación as administracións públicas e, en particular, a administración local por ser a máis próxima á cidadanía, deben achegar todos os medios humanos e recursos para combater e erradicar esta situación. Porque o asasinato é a manifestación máis extrema das violencias machistas, a punta do iceberg, pero son moitas máis e de moi diferentes formas as violencias que sofren as mulleres. É imprescindible erradicar as causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades mediante a adopción de políticas públicas locais transformadoras, políticas de sensibilización, proporcionando dispositivos amables e eficaces e mobilizando medios de saída para as mulleres vítimas. Tamén é preciso que a administración autonómica achegue e comprometa mais recursos e que se poña a disposición dos concellos e as súas necesidades nesta materia.

Ante a proximidade do 25 de Novembro, o Día Internacional contra as violencias machistas, é preciso que o Concello de Santiago cumpra cos compromisos e actuacións pendentes desde o inicio deste mandato como a actualización dos datos do Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero. Ademais, cómpre dispor dun informe pormenorizado da situación e atención das mulleres que sufriron ou sofren situacións de violencia de xénero no concello de Santiago durante os últimos tres anos.

Cantas mulleres recibiron atención na concellería de Igualdade? Cantas mulleres atendidas son do ámbito rural e cantas da zona urbana de Compostela? Cantas mulleres novas e/ou estudantes universitarias foron atendidas por mor dunha situación relacionada coas violencias machistas? Cantas atencións e intervencións se levaron a cabo nos Puntos Lilas durante as Festas do Apóstolo? Cantas mulleres vítimas teñen fillos/as ao seu cargo? Cantas mulleres de orixe migrante sofren violencias machistas no noso municipio? Cantas denuncias e ordes de afastamento de mulleres residentes en Santiago foron tramitadas nos xulgados nos últimos tres anos? Con que recursos de saída e/ou habitacionais conta o concello ante unha situación de emerxencia por violencia de xénero? Cantas veces se reuniu a Mesa Local de Coordinación *Interinstitucional contra a Violencia de Xénero*? Sen dúbida, importantes cuestións que deberían poder ser contestadas no marco dun Informe completo para poder coñecer polo miúdo a situación de cara ao deseño das políticas locais de xénero contra as violencias machistas necesarias en Santiago de Compostela.

Por outra parte, o Concello de Santiago, mais alá da conmemoración anual do 25-N, Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, debe traballar activamente para facer de Compostela unha cidade libre de violencias machistas e poñer a disposición da cidadanía os recursos e servizos de atención para erradicalas, en todas as súas formas: violencia física, violencia psicolóxica, violencia sexual, violencia obstétrica e vulneración de dereitos sexuais e reprodutivos, violencia económica, violencia dixital, violencia vicaria, etc. Porque a pesares do avance na identificación e visibilización de todas estas formas de violencias machistas é

imprescindible concienciar a cidadanía e que a institución local compostelá demostre compromiso firme e autodeterminación para facerlles sentir ás mulleres que sofren violencias que “non están soas”, antes, durante e despois de calquera agresión machista. E para iso hai que actuar de maneira estrutural e preventiva dende a administración local impulsando iniciativas de sensibilización e recoñecemento desta dimensión múltiple das violencias machistas, cunha campaña transversal que conte cos recursos adecuados, procurando deste xeito avanzar para que as mulleres desfruten de vidas libres e dignas, en calquera espazo e ámbito do noso municipio.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, e dando cumprimento aos sucesivos acordos plenarios sobre a violencia machista, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de Goberno a:

1. Actualizar os datos contidos no Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero para poder coñecer mellor a situación das mulleres compostelás tanto do punto de vista socioeconómico como da situación de violencia de xénero.
2. Realizar e publicar un Informe de Situación das mulleres vítimas de violencias machistas no municipio de Santiago de Compostela que recolla os datos dos últimos tres anos.
3. Deseñar e implementar unha Campaña transversal de sensibilización contra as violencias machistas na súa múltiple dimensión (violencia física, violencia psicolóxica, violencia sexual, violencia obstétrica, vulneración de dereitos sexuais e reprodutivos, violencia económica, violencia dixital, violencia vicaria) así como a inclusión de información-sensibilización na propia web do CIM sobre estas dimensións.
4. Programar actos e actividades municipais de apoio institucional ao 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.
5. Apoiar e colaborar co movemento feminista de Compostela na organización e loxística dos actos do 25-N.

MOCIÓN DO 25N PARA INCREMENTAR OS RECURSOS DESTINADOS AO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM)

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción ao abeiro do 25N para incrementar nos Orzamentos os recursos do Centro de Información ás Mulleres (CIM), como recolle o V Plan de Igualdade 2022-2025, co obxectivo de manter o labor que realiza e dotalo de persoal exclusivo e non compartido con outras áreas municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de abril de 2022 enviouse aos grupos municipais o documento definitivo do V Plan de Igualdade entre homes e mulleres para a cidade de Santiago de Compostela (2022–2025) logo de diversas sesións de debate e achegas realizadas por colectivos, persoal técnico especialista e polos propios grupos municipais.

Nese documento advírtese da evolución do total de delitos por violencia de xénero ingresados no Partido xudicial de Santiago, que ten una tendencia ascendente desde

o ano 2011. A meirande parte dos delitos son por lesións e malos tratos do Art.153 (54,9%).

Ás portas da organización dun novo 25N, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, cómpre lembrar os obxectivos marcados nese Plan de Igualdade para avanzar desde a administración local en mitigar as agresións machistas.

Entre eses obxectivos está sensibilizar a poboación en materia de violencia de xénero, co fin de previla e de garantir os dereitos das mulleres e das súas crianzas, cando se produza unha situación de maltrato. Así, no plan que se debe poñer en marcha propónse impulsar a información, a sensibilización e a prevención en torno á violencia de xénero, reforzar a atención e a coordinación dos procesos de detección e atención ás vítimas de violencia de xénero garantindo unha atención integral e específica para cada caso durante o tempo que sexa necesario, ademais de medidas encamiñadas para construír unha cidade segura.

Concretamente, recóllese que se terá en conta a percepción de inseguridade das mulleres no planeamento urbanístico e organizaranse obradoiros, cursos e accións diversas para concienciar e formar a cidadanía e, moi especialmente, a mocidade. Tamén se promoverá a investigación e colaborarase co tecido asociativo co obxectivo de facer de Santiago unha cidade segura para todas as persoas.

Especifica a necesidade de reforzar a atención e a coordinación dos procesos de detección e atención ás vítimas de violencia de xénero e de valorar a necesidade de crear recursos habitacionais dentro do municipio para as mulleres (e fillas/os) en situación de maltrato que así o precisaren. Para poder realizar estas accións, dise de manter e ampliar o equipo Vioxen co fin de mellorar a protección ás vítimas de violencia de xénero.

No ámbito de incrementar a seguranza propónse a elaboración dun estudo de puntos negros da cidade e accións para mellorar a protección das mulleres nestas zonas, a modificación dos criterios para acceder á tarxeta bonificada de transporte e o incremento do número de paradas de autobús instaladas para fomentar a seguridade das mulleres.

Tamén se destaca, para poder levar adiante as medidas recollidas nese plan, aumentar os recursos do CIM, para manter o labor que realiza e para dotalo de persoal exclusivo e non compartido con outras áreas municipais, xunto con incrementar a oferta formativa en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero dirixida ao persoal técnico, ademais de organizar formación específica en perspectiva de xénero á que poida participar o persoal político do Concello.

Na actualidade, o CIM está dotado con unha traballadora social, unha psicóloga, unha persoa administrativa e unha avogada ao 50% do tempo, compartida co departamento de Servizos sociais. Neste sentido, para prestar un labor especializado e sen demoras, cómpre incrementar a xornada da avogada a tempo completo e incorporar unha axente de igualdade. Isto debe acrecentarse na Relación de Postos de Traballo (RPT) e nos Orzamentos dos próximos anos.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago, ao abeiro do 25N, comprométese a incrementar nos Orzamentos de 2023 os recursos destinados ao CIM, como recolle o V Plan de Igualdade 2022-2025, co obxectivo de manter o labor que realiza e dotalo de persoal exclusivo e non compartido con outras áreas municipais. Así, o CIM disporá dunha avogada a tempo completo e dunha axente de igualdade, a maiores do persoal existente na actualidade.
2. O Concello de Santiago colaborará co movemento feminista compostelán na organización de actividades do vindeiro Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

MOCIÓN PARA MELLORAR OS ESPAZOS PÚBLICOS DE VITE-VISTA ALEGRE E AMPLIAR AS ZONAS DE APARCADOIRO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para mellorar os espazos públicos de Vite-Vista Alegre e ampliar e modificar as zonas de aparcadoiro existentes para conseguir máis espazo para ir a pé.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No barrio de Vite-Vista Alegre existen numerosas deficiencias derivadas da falta de mantemento dos espazos públicos, ademais de necesidades xurdidas polo incremento de vehículos nos últimos anos e de aumento de persoas usuarias de instalacións públicas que non foron acompañados da correspondente dotación e reordenación de prazas de aparcadoiro nin de frecuencias de transporte colectivo.

Segundo explica veciñanza da zona, para persoas usuarias do polideportivo e do centro sociocultural cómpre habilitar accesos e paneis para indicar a zona de aparcadoiro libre á beira destes edificios na súa parte traseira e que se atopa case sempre baleira, ademais de mellorar a súa iluminación e facer ese espazo seguro para deixaren os seus vehículos.

Na actualidade, a veciñanza da rúa Carlos Maside non atopa sitio suficiente para aparcar preto das vivendas cando volve do traballo porque están ocupados por persoas que usan o centro sociocultural e o polideportivo até altas horas da madrugada. Así, cómpre unha reserva de prazas para residentes nesa área e que as persoas deportistas e as que acoden a actividades do centro sociocultural teñan un acceso habilitado directo e sinalizado cara a área de estacionamento traseira.

Esa reordenación de aparcadoiros tamén debe incluír a rúa Alexandre Bóveda, en que existe a necesidade de habilitar un paso directo á zona traseira onde se atopa o aparcadoiro para que as persoas residentes neses bloques de edificios non teñan que dar toda a volta á rúa por estar incomunicado coas fachadas principais.

Ademais, cómpre lembrar que a ARI para a súa reurbanización está aprobada mais non se executou e desde a súa construción na década de 1980 non se produciron melloras para adecuarse ás normas de accesibilidade. A iso súmanse queixas por detectarse numerosos problemas nos sumidoiros, presenza de ratas, cortes de auga e de luz pola antigüidade das tubaxes e do cable eléctrico.

Tamén na Escola Oficial de Idiomas se fai necesario habilitar novas zonas de aparcadoiro para poder deixar os coches, xunto co incremento de liñas de transporte urbano desde outros puntos da cidade para non depender dos vehículos privados. Unha posibilidade que apunta a veciñanza pode ser utilizar a parcela municipal próxima á Escola Oficial de Idiomas para incrementar a zona de estacionamento nesa área.

Outras demandas xerais que presenta a veciñanza son a mellora da iluminación, pois hai zonas escuras á hora de saír de traballar no inverno para ir a pé até as casas, o cambio de tubaxes de abastecemento de auga que rompen con frecuencia e provocan cortes de auga para a súa reparación e a eliminación de roedores, pois é frecuente a súa presenza.

Cómpre tamén a reurbanización da rúa Carlos Maside, para mellorar a accesibilidade, ademais da colocación e mellora do lousado da rúa dos Castaños. Iso debe ir acompañado de melloras de accesibilidade en todo o barrio, para facilitar a mobilidade e a calidade urbana.

Tamén é necesario crear parques infantís, xa que os existentes se atopan ou ben no parque Pablo Iglesias ou en Vista Alegre (abaixo ou na cima da avenida de Castelao) e só hai un á beira do colexio con poucos elementos de xogo, que non resultan suficientes para os nenos e nenas que se poden congrega. A elevada pendente da avenida de Castelao imposibilita en moitos casos o xogo de cativos/as nestes parques que demandan unha mellor dotación do existente ao lado do centro de ensino ou a creación dun novo parque infantil á altura das chamadas “plazuelas de Vite”.

Para esa mesma zona, nos Orzamentos de 2022 figura unha partida para o “Proxecto básico e de execución de mellora de infraestruturas Polígono de Vite. Fase 1. Rúa García Lorca”, de 750.000 euros, que a tres meses de concluír o exercicio está pendente de realizar.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno local estudará a inclusión nos Orzamentos de 2023 das partidas necesarias para mellorar a accesibilidade, os espazos de aparcadoiro e o transporte público para atender as demandas do barrio de Vite-Vista Alegre.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE AS MELLORAS NO ESPAZO DA CONTORNA DE ACCESO AO COLEXIO PÚBLICO MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI NA LAVACOLLA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A comunidade educativa do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei na Lavacolla leva anos demandando un mellor acondicionamento do espazo situado na contorna do seu centro educativo. Unhas melloras das que son coñecedores tanto o goberno de

Santiago como o goberno galego, xa que o alcalde foi informado persoalmente delas por parte da ANPA, hai máis de dous anos xa, e o concelleiro foi recentemente vítima desas pésimas condicións de acceso, nunha visita recente.

A principal demanda e de carácter máis estrutural é a necesidade de habilitar unha zona ampla para poder estacionar os vehículos e evitar así os embotellamentos e atascos habituais nas horas de entrada e saída da escola. Ao que se lle une o feito de pasar o camiño francés xusto ao carón do Colexio, nun dos tramos máis transitados polas persoas que peregrinan a Compostela. Unha situación que provoca escenas de risco para as crianzas e as súas familias que teñen que camiñar pola calzada entre os vehículos e a lama, para poder acceder ao colexio.

Tal e como explica moi ben a ANPA Landras, os autobuses e os vehículos do profesorado ocupan por enteiro toda a rúa norte do centro, por onde entran e saen as crianzas transportadas en autobús. Na parte mais ó oeste desa vía (dende o acceso oeste cara abaixo) tamén se ocupa a totalidade da calzada e camiño francés con vehículos das familias, que logo teñen que entrar e saír camiñando pola mesma calzada que circulan os vehículos. Logo xa na propia rúa que vira á dereita dende o camiño francés (a do acceso oeste ó centro) ten un primeiro tramo moi estreito que precisa ser delimitado separando ás crianzas dos coches. Logo na zona fronte a porta e pavillón, amoranse o resto dos coches (incluso sobre os bordes das fincas ó sur do pavillón) enriba da cuneta de lama, da zona verde (que tamén se enlama), ocupando beirarúas por completo deixando unicamente a calzada para ir camiñando ate a porta, esquivando os coches que circulan e os que manobran para aparcar e desaparcas.

Unha situación complicada da que son, perfectamente, coñecedores os concelleiros de Educación e de Medio Rural, tal e como lles ten explicado varias veces a ANPA, que xa lle ten solicitado o acondicionamento debido de toda a zona de entrada ao centro, como primeira actuación de urxencia que se podería executar xa para este inverno:

Creando un percorrido peonil pavimentado pegado o pavillón dende o sur ate a entrada, de 1,50 m de ancho, e outro de separación de tráfico con bandas de goma ou pequenos bolardos dende o acceso ate o camiño francés cara o norte de 1 m de ancho, pois aquí a rúa é moi estreita.

Facendo unha cuneta transitábel que recolla a auga e permita pasar por riba, tipo un prefabricado "caz" de formigón

Pavimentando as zonas de aparcamento cun pavicespede ou similar, de modo que sigamos tendo zona verde e pavimento poroso, pero que sexa á vez ríxido e non se desfaga polo manobrar dos coches.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta propón o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a realizar melloras urxentes no acondicionamento dos accesos ao CEIP Mestre Rodríguez Xixirei da Lavacolla.
2. Instar ao Concello e á Xunta de Galicia a colaborar na habilitación e construción dunha estacionamento público para vehículos que mellore a seguridade viaria da comunidade educativa do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei da Lavacolla.

3. Establecer as vías e canais de diálogo e consulta con toda a comunidade educativa e nomeadamente coa ANPA Landras á hora de acometer os dous puntos anteriores.

MOCIÓN PARA A REDACCIÓN DUN PLAN DE ORDENACIÓN E USO PÚBLICO DA FINCA DO VIVEIRO DE LAMAS DE ABADE E A REHABILITACIÓN DOS SEUS EDIFICIOS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mandato, por iniciativa do Grupo Popular aprobouse por unanimidade de todo os grupos da Corporación unha iniciativa para a mellora e posta en valor da finca onde se asenta o viveiro municipal en Lamas de Abade.

Trátase dunha propiedade municipal cunha superficie duns 15.000 metros cadrados, que segue a ser unha gran descoñecida para boa parte da veciñanza de Santiago, a pesar da súa importancia ambiental, histórica e artística. Nos seus terreos sitúase un viveiro de plantas e árbores que, aínda que antano se dedicaba á produción a gran escala, agora oríéntase preferentemente á especialización nos coidados de especies danadas, que se van recuperando á beira das moitas árbores, acivros, camelias e outras plantas que alí se manteñen.

Entre as construcións existente na finca destaca o conxunto formado por capela, pazo, hórreo e o pombal.

A capela está dedicada á Divina Pastora, que lle dá nome á rúa que discorre por diante da súa fachada. A súa construción está datada en 1828, segundo testemuña a inscrición sobre a portada, por encargo do cóengo da Catedral de Santiago, Manuel Ventura de Fraga e Varela. A día de hoxe permanece totalmente abandonada, pechada por unha mesta vexetación que chega ata o mesmo tellado, no que desde hai anos medra un piñeiro proclamando o máis absoluto desleixo municipal.

O pazo, moi probablemente vinculado tamén no seu día ao citado cóengo, foi obxecto dalgúns traballos básicos, quizais sen o desexable rigor, para asegurar o seu tellado e a súa estrutura, pero a xulgar polas fiestras tapiadas a súa utilidade a día de hoxe debe ser escasa, a pesar das posibilidades que ofrece o tamaño do edificio e as súas axeitadas proporcións. Ao seu carón, outras edificacións de menor entidade apenas manteñen en pé as pedras das súas paredes, poñenciando a imaxe de total abandono á beira da estrada e do veciño campo de fútbol “Paz Nogueira”.

Xunto á capela, o pazo e outras construcións anexas, mantense un singular exemplar de hórreo de gran tamaño e de coidada cantería, xunto cun pombal e un peche de pedra en parte do seu perímetro, que conforman un conxunto digno de rehabilitación e de goce por parte da cidadanía e, en particular, da veciñanza do lugar de Lamas de Abade e do Castiñeiriño, que desde hai anos vén manifestando o seu interese por este patrimonio municipal.

A proximidade de varios centros educativos engádelle outro aspecto de gran interese á ordenación e posta en valor desta propiedade, posto que podería actuar -ao parecer xa ten feito nalgunhas ocasións acordadas- como un espazo de acceso público para a

divulgación de coñecementos e valores botánicos ou ambientais, partindo duns coidados xardíns, viveiros e árbores, ademais de achegar un fermoso lugar para o lecer e a convivencia que potenciara o contorno tan especial inmediato.

Vai para dous anos, este Grupo formuloulle unha pregunta ao actual Goberno para coñecer a súa postura respecto a este lugar. A pesar de concordar coa necesaria posta en valor e de sinalar a existencia “en carteira” dun anteproxecto para reforma e rehabilitación da finca “mesmo por fases”, ata o día de hoxe nada se ten feito a ese respecto.

Transcorridos máis de cinco anos desde a adopción daquel acordo unánime para a súa mellora, ordenación e uso público, a propiedade mantense nun estado calamitoso, continuando a ser empregada como depósito para moitos e variados materiais (macetas sen uso, pezas retiradas de parques infantís ou ferranchos e elementos pétreos de distinta procedencia, incluíndo recentemente o depósito do quiosco retirado da Praza de Vigo).

Conforme ao sinalado e na procura de levar a cabo un proxecto realista e asumible, tal e como se ten acordado no pasado por unanimidade, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a redactar un plan de ordenación e usos da finca de Lamas de Abade que se dedica hoxe a viveiro e almacén municipal, para a súa posta en valor e apertura ao público e para iniciar un programa de rehabilitación por fases do seu patrimonio arquitectónico, solicitando para iso a colaboración de organismos e entidades públicas, nomeadamente o Consorcio de Santiago, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia.

MOCIÓN SOBRE A DEMANDA AO GOBERNO DE ESPAÑA DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ROTONDA SOBRE A SC-20 EN CONXO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a construción do paso inferior da SC-20 en Conxo, que supuxo a creación dunha glorieta a distinto nivel que dificultou a comunicación no barrio de Conxo, xurdiu unha constante reivindicación de mellorar a accesibilidade, para que se procedera a unha humanización da glorieta.

As obras do paso inferior iniciáronse en 2014 e remataron no verán de 2016 e viñeron a solucionar a última intersección do periférico que se realizaba cunha glorieta en superficie regulada por semáforos. Foi unha solución para o tráfico de vehículos que maioritariamente pasaron a circular polo paso inferior, pero deixou pendente unha mellora entre as marxes para facilitar a integración e a fluidez entre as dúas marxes de Conxo.

Con ese fin, desde os inicios do proxecto do paso inferior, os sucesivos ministros de Fomento, comprometeron un proxecto de humanización que se foi demorando co paso do tempo.

O Pleno do Concello pronunciouse sobre este asunto a través dunha Declaración Institucional acordada xa hai máis de 5 anos (concretamente o 18 de febreiro de 2016) na que textualmente se instaba ao Ministerio de Fomento a: *“Preservar un espazo para a cidadanía na parte superior da rotonda de Conxo, favorecendo deste xeito unha conexión superficial moito máis amable e peonil que posibilite esa conxunción, sen antepoñer os intereses circulatorios que, en grande medida, van ter resposta co túnel.”*

Conforme a ese sentir da Corporación, reiterado nos últimos anos a través de diversas iniciativas dos diferentes grupos lembrando esta necesidade, o anterior alcalde trasladou esta demanda nas entrevistas que mantivo. O Ministerio sempre mostrou a súa vontade de facer realidade ese proxecto de humanización que comprometeran varios ministros.

Así, nunha reunión no Ministerio o 5 de novembro de 2018, o secretario xeral de Infraestruturas chegou a entregarlle ao alcalde de Santiago un borrador de convenio para “abordar a execución e posterior mantemento da cubrición da rotonda de Conxo”. Na nota de prensa de Fomento xa se facía constar que *“o correspondente proxecto xa foi redactado polo Ministerio de Fomento, cun importe estimado de obras de 200.000 euros”*.

Polo tanto, existía xa un proxecto redactado polo Goberno central e un compromiso asumido polo Ministerio de Fomento para afrontar esta actuación.

A pesar destes antecedentes, no mes de abril de 2021, o actual alcalde anunciou publicamente que o Goberno local ía encargar a un equipo de arquitectos un novo proxecto para humanizar a rotonda de Conxo para que elaboraran “unha proposta de integración”, co argumento de que os técnicos do Ministerio apuntaban que había problemas de seguridade no proxecto para cubrir a rotonda que formulara o anterior goberno municipal, engadindo que quizais non foran suficientes os 350.000 euros que seica estaban previstos para esta actuación (aínda que a partida para esta obra nunca chegou a figurar nos Orzamentos do Estado).

Desde entón, nada ten transcendido deste proxecto comprometido polo Ministerio de Fomento, sen que novamente no proxecto de orzamentos do Estado para o ano 2023 figure ningunha partida destinada a afrontar esta obra.

Á vista desta situación, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que demande do Goberno do Estado a execución con cargo aos orzamentos de 2023 da obra comprometida para a mellora da permeabilidade e humanización da rotonda de Conxo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE PLANIFIQUE A ACCIÓN CULTURAL COMO ESTRATEXIA DE REXENERACIÓN DAS ZONAS AFECTADAS POLA ACELERACIÓN DO IMPACTO DE TURISMO SEN CONTROL

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico

municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Consideramos prioritario e urxente evitar a destrución acelerada do espazo público de Santiago causada polos fluxos turísticos fóra de control. Entendemos que a acción da cultura ten que ser un elemento de rexeneración urbana fronte a ocupación que sufrimos da Zona Vella, mais non só; tamén dos barrios afectados por un fenómeno fortemente acelerado nos últimos meses. A actividade dos colectivos e traballadores culturais residentes en Compostela ten que axudar a reparar os espazos que están a ser progresivamente abandonados pola veciñanza que os caracteriza coma espazos da frustración, depauperados e ruidosos, contrarios a boa calidade de vida.

Recuperar eses espazos da frustración a través dunha planificación da creación cultural participada ten que ser un obxectivo da política cultural municipal. Recuperar rúas como a de Carretas, o Franco, a Rúa Nova, a do Vilar, a case totalidade das prazas emblemáticas do Casco Vello, Quintana, Praterías, Toural, Cervantes, tamén a Praza de Abastos ou outras rúas en barrios como a rúa de San Pedro, é urxente.

Agroman outros lugares habitados por veciñas e veciños que avisan dunha forma continuada sobre o impacto negativo do turismo na súa vida cotián. Este fenómeno global de impacto local está a borrar os trazos identitarios da vida en Compostela: suprime a diversidade de actividades económicas, presiona a mobilidade e a habitabilidade dunha forma inaudita, e prioriza a atención homoxénea a un tipo de turismo que está a tornar irrecoñecibles os espazos que antigamente foron núcleo cultural da cidade.

Sabemos que a cultura pode ser unha eficaz ferramenta de rexeneración do espazo público. No caso de Compostela, unha parte importante da cidade colapsou o pasado verán. Hai quen o nega pero é unha realidade palpable para quen vive, traballa ou sinxelamente visita a Zona Vella de Santiago.

Activar procesos de rexeneración destes espazos e facelo dunha forma inmediata debe ser unha prioridade municipal. Así o están a demandar os veciños e veciñas destas zonas e de toda Compostela, asombrados pola aceleración dun proceso globalizado que está a arrasar a vida e identidade da cidade sen que poidamos percibir movementos contundentes ou decisións acordes coa gravidade do fenómeno que estamos a vivir.

A UNESCO vén de publicar un informe intitulado *Repensar as políticas para a creatividade: propoñer a cultura como un ben público global* que no capítulo 1, en relación ao ámbito local, no seguinte parágrafo vencellado ao obxectivo (3), “Integrar a cultura nos ámbitos do desenvolvemento sostible” recolle:

No ámbito das cidades, a cultura e a creatividade cada vez máis percíbense como recursos para o desenvolvemento local, o que favorece o crecemento económico e a innovación e aumenta o atractivo e a cohesión social, así como a participación na vida cultural.

No último informe da cultura municipal de Santiago de Compostela, “Datos sobre a cultura en Santiago de Compostela”, no capítulo dedicado ao turismo cultural, nun intre anterior á pandemia, diagnosticou:

O conxunto da oferta cultural do municipio, na que se inclúen as iniciativas neste eido da totalidade de axentes públicos, privados e sociais, ten unha importante marxe de mellora á hora de contribuír á estratexia turística local, tanto no que respecta á cantidade de visitas como á calidade da experiencia do visitante.

O mesmo capítulo concluíu:

A cultura ten un camiño potencial que percorrer para complementar e diversificar os atractivos da cidade.

O Grupo Municipal de CA acredita que o sector cultural de Santiago de Compostela precisa unha adaptación urxente ao contexto derivado da pandemia da COVID19 e da estanflación da crise enerxética. Só entón poderemos manter nestas adversas circunstancias coxunturais o dereito de acceso á cultura e a participación cultural dos veciños e veciñas nela.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, acreditando na cultura como ferramenta de rexeneración dos espazos ocupados polos fluxos turísticos sen control, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de Goberno a desenvolver unha programación participada, planificada conxuntamente con colectivos e traballadores culturais residentes na cidade, como estratexia de rexeneración da calidade de vida de zonas da cidade afectadas polo impacto do turismo masivo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE OS SERVIZOS DE CONSERXARÍAS E LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS E DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS QUE ACTUALMENTE SEN CONTRATO.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Pleno ordinario correspondente ao mes de xullo do 2021 o grupo municipal de Compostela Aberta preguntou por varios servizos de limpeza e conserxaría, en diferentes dependencias ou equipamentos municipais que naquel momento e estaban sen contrato, manténdose aínda hoxe en precario:

Servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago.

Servizo de Limpeza, conserxería e control dos CEIPs dependentes do Concello de Santiago.

Prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas municipais de Santiago.

O motivo da pregunta era transparentar as intencións ou previsións que tivera o goberno local ao respecto destes servizos e da súa futura licitación, sexa mantendo o

modelo actual ou sexa cunha reorganización e, no segundo caso, como vai garantir a igualdade de condicións laborais a igual traballo de todo o persoal dos servizos. Sendo a resposta da concelleira delegada de contratación a seguinte:

“Traballamos para ter estes concursos licitados no último cuadrimestre do ano, ese é o noso obxectivo (...) e como non podía ser doutra maneira respectando tres elementos básicos: garantía das condicións laborais do persoal que traballa nos citados servizos, tanto as condicións fixadas nos convenios xerais de aplicación como as derivadas dos complementos ad personam; o segundo elemento básico é a calidade dos servizos públicos e o terceiro elemento básico, e non menos importante, é o incremento controlado do gasto corrente correspondente. Con estas tres variables a vontade do goberno municipal é ter resolta a licitación destes concursos antes de que finalice o ano”

Pasado un ano e diante da inacción do goberno local, no pasado pleno ordinario de xuño -que foi celebrado a mediados de xullo- o grupo municipal de Compostela Aberta volveu a preguntar sobre as intencións ou previsións do goberno local ao respecto destes servizos ofrecidos en precario e sen contrato, así como se na e da súa futura licitación e que medidas se pretendían adoptar para garantir que as reivindicacións e demandas laborais do persoal prestador destes servizos eran atendidas. Sendo a resposta da concelleira, a data do 15 de xullo de 2022, a seguinte:

“Conserxería e Limpeza está pendente de informe da asesoría xurídica, incorpóranse no contrato,... está a se considerar a consolidación da mellora do 1% dos salarios e unha das cuestións que pregunta Compostela Aberta, e está a se respectar, como non podía ser doutra maneira so convenios colectivos. Con respecto a conserxaría e limpeza de Educación infantil , é un contrato que por mor dos diversos avatares que provocou a covid-19 nesta prestación, este contrato está sendo ultimado no servizo de Educación, prevese un incremento das horas, na prestación do servizo, que todos sabemos que era bastante deficitario e sabemos moi ben os avatares que sufriu este contrato, ou non-contrato, contéplase a renovación dos útiles necesarios para a prestación do servizo así como a renovación dun vehículo que permita dar a atención prevista nos centros. Como non podía ser doutra maneira, contéplase o respecto aos convenios colectivos de aplicación, e a máxima de a igual función, igual retribución e estoume referindo ás categorías profesionais que están nestes contratos, sobre todo no ámbito da conserxería e limpeza, esperamos licitalo antes de que finalice o ano”

De todos eles, só o primeiro, se licitou e está a punto de ser adxudicado, moitísimos meses despois do anunciado pola concelleira.

No caso do servizo de Limpeza, conserxería e control dos CEIPS dependentes do Concello de Santiago, prestado agora sen contrato por **Ferrovial Servicios**, a pesar de ter uns pregos avanzados no final do anterior mandato, o actual goberno non iniciou a licitación nos tres anos e medio que levamos de mandato. A pesar de ter sido un dos contratos dos que se incluíu na presentación do proxecto de orzamentos de 2021, e a pesar de aparecer tamén no errado plan de contratación 2020 do goberno.

Xa no servizo de prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas municipais de Santiago, tamén sen contrato, coa empresa **Lacera Servicios y Mantenimiento** o goberno actual prorrogou durante un ano, renunciando posteriormente a empresa a un segundo ano de prórroga e polo tanto aprobándose unha orde de continuidade do servizo por acordo da Xunta de Goberno local celebrada o 24 de maio de 2021.

En ambos servizos existen reivindicacións das e dos traballadores que é de esperar que o goberno local escoite e tente resolver na licitación dos novos pregos. Así, na limpeza e consexaría dos CEIPs existe unha demanda clara para que se estableza unha homoxenización de categorías profesionais -que teñen a súa orixe en diferentes contratos e situacións- co obxectivo de ter as mesmas condicións en postos similares. Sobre este tema existía un acordo e compromiso co goberno anterior, de Compostela Aberta, ademais da dotación dun novo vehículo como de máis e mellor material de limpeza.

No servizo de conserxería e limpeza das instalacións deportivas existe actualmente un conflito coletivo en vía xudicial sobre a interpretación do artigo 45 do convenio colectivo agora aplicado, relativo á actualización a IPC dos seus salarios. Unha resolución xudicial que pode afectar substancialmente ás cantidades económicas do contrato e na que o Concello debería prever a favor das e dos traballadores. Tamén se reclama ampliar as melloras sociais actuais sobre todo a relativa a consolidar a mellora do 1% nos salarios, así como que o reparto da carga horaria por instalación permita unha organización do traballo que favoreza contratacións por xornada completa.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta propón o seguinte

ACORDO:

Instar ao goberno local a que na redacción dos próximos pregos no caso de ambos os contratos se atendan e se incorpore as reivindicacións das e dos traballadores destes servizos municipais, destacando as seguintes:

1. No servizo de Limpeza, conserxería e control dos CEIPs que se aplique unha homoxeneización de categorías profesionais co obxectivo de ter as mesmas condicións en postos similares e que se dote dun novo vehículo así como de máis e mellor material de limpeza.
2. No servizo de conserxería e limpeza das instalacións deportivas que se aplique a mellora do 1% nos salarios, e que se considere un mellor repartimento horario por instalación para favorecer contratacións por xornada completa.
3. En ambos os servizos, que se melloren as condicións e retribucións co obxectivo de igualar as condicións existentes a outros contratos similares dependentes do Concello de Santiago como o do servizo de limpeza nos edificios e instalacións municipais.

MOCIÓN URGENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A PROBLEMÁTICA VIVIDA POLAS TRABALLADORAS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Exposición de motivos:

A finais do pasado ano publicase a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións públicas, dita Lei contempla dous supostos:

- Un proceso de estabilización para as prazas de carácter estrutural que estiveran

ocupadas ininterrompidamente alomenos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 (art.2), cun sistema de selección de concurso-oposición.

- Un proceso de estabilización extraordinario de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas de forma ininterrompida con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de concurso.

Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocatorias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022, motivo que xustifica a urxencia desta moción.

Así, a practica totalidade das Administracións están traballando en criterios que valoren prioritariamente, nas fases de concurso, a experiencia das persoas concursantes nas propias prazas das administracións que son obxecto da convocatoria. E dicir, nos criterios para estabilizar o posto de traballo dunha auxiliar administrativa deste concello, valorarase máis a experiencia dunha auxiliar administrativa que leve ocupando a praza neste concello, que a experiencia doutra auxiliar administrativa doutro concello ou, por suposto, doutra administración diferente á local. Non facelo así, non só sería desvirtuar o sentido da Lei, senón que sería un prexuízo para a propia Administración, que non obtería profesionais con experiencia contrastada para o desenvolvemento do traballo específico nas prazas convocadas.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados, do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos galegos, que concorreron inicialmente á súa formación, subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así como todos aqueles incorporados con posterioridade, a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por 285 concellos e 5 mancomunidades (DOGA do 1 de decembro de 2020). Por tanto, o Consorcio Galego non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras non son traballadoras da Xunta de Galicia.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar converteuse nunha das Administracións con maior taxa de temporalidade, pasando do 90%; unha temporalidade que afecta indiscutiblemente a mulleres, xa que, máis do 95% das máis de 2000 persoas que traballan nel son mulleres.

Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus distintos servizos: escolas infantís, centros de día, centros residenciais, vivendas comunitarias, oficinas de Igualdade e Benestar ou o servizo de xantar na casa.

A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que afectan a máis de 1300 profesionais.

Nos borradores que se coñecen non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a súa praza; senón que igualan a baremación desta experiencia das profesionais do Consorcio, con profesionais doutras Administracións diferentes, como é a Xunta de Galicia, e que nunca traballaron no Consorcio. Analogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste Concello,

se valorase o mesmo a experiencia no posto deste Concello, que a experiencia dun posto na Deputación.

Se os criterios non mudan, para unha praza de psicóloga dunha residencia de maiores do Consorcio, puntuaríase igual a unha profesional que leva ocupando esa praza 15 anos, que a outra psicóloga da Xunta de Galicia, que leva 15 anos traballando no ámbito da prevención das drogodependencias. Para unha praza de mestra nunha escola infantil do Consorcio, que atende a nenos de 0 a 3 anos, valoraríase igual a unha mestra que leva 15 anos ocupando este posto, que a outra mestra que ten 15 anos de experiencia na Xunta de Galicia educando a nenos e nenas de 5 e 6 anos, pero que ten 0 experiencia con bebés.

Estas profesionais do Consorcio son as mesmas ás que, dende a Xunta, se lles daban medallas de recoñecemento profesional polo seu traballo en primeira liña no peor da pandemia nas residencias de maiores, e pola súa atención e profesionalidade nas residencias integradas onde se coidaba e atendía a todas as persoas maiores con COVID.

Estas profesionais están na actualidade nunha folga que se estende durante os primeiros quince días de mes, entre setembro e decembro. Unha folga á que se ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e bagaxe profesional, máis que demostrada neste últimos quince anos.

Non facelo, ademais de constituír unha anomalía no cumprimento do espírito da Lei 20/2021 de resarcir o dano causado polo abuso de temporalidade nas Administracións, conlevaría o desmantelamento dos equipos profesionais dos centros atendidos, dada a altísima temporalidade das traballadoras do Consorcio, e un dano económico para a propia Administración en indemnizacións que pagamos todos.

Por todo o anterior, o Pleno da corporación **ACORDA:**

- Instar á Xunta de Galicia a que cumpra a lei e negocie coas e cos traballadores, intentando chegar acordos que solucionen o conflito laboral.
- Instar á Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvolto no Consorcio Galego.
- Trasladar estes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA, POPULAR, COMPOSTELA ABERTA E BNG, PARA APOIAR A CANDIDATURA DA ASOCIACIÓN CULTURAL E PEDAGÓXICA PONTE... NAS ONDAS AO REXISTRO DE BOAS PRÁCTICAS CO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL (PCI) DA UNESCO

A experiencia de comunicación interescolar **Ponte...nas ondas!** promovida pola Asociación Cultural e Pedagóxica do mesmo nome, foi presentada conxuntamente por Portugal e España, co apoio da Xunta de Galicia, ao rexistro das boas prácticas co patrimonio cultural inmaterial (PCI) da UNESCO.

Esta inscrición debe producirse na reunión do 17º Comité intergubernamental de salvagarda do patrimonio inmaterial da UNESCO que se celebrará en Rabat (Marrocos) do 28 de novembro ao 2 de decembro.

A traxectoria desenvolvida por **Ponte...nas ondas!** ao longo dos seus 27 anos tensido recoñecida por diferentes institucións e entidades. Desde 2015 é a única ONG acreditada en Galicia pola UNESCO para o PCI. Ademais, ten recibido diferentes premios, entre outros, o selo de “buena práctica iberoamericana” do Ministerio de Educación, o premio Galicia de Comunicación ou o premio ONDAS pola cobertura do patrimonio inmaterial galego-portugués.

Destaca tamén o labor de identificación do conxunto do patrimonio común galego-portugués, por riba das fronteiras administrativas, levando o patrimonio cultural inmaterial ás aulas da Eurorrexión a través da práctica radiofónica e integrando ás persoas e comunidades portadoras do PCI nos programas de radio, no audiovisual e nas redes sociais, poñéndoo en valor e garantindo o seu coñecemento e a súa transmisión interxeracional e a súa preservación.

Este cometido levou a **Ponte...nas ondas!** a promover a primeira candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués á UNESCO en 2004, impulsada desde os centros educativos de Galicia e Portugal.

Entre outros obxectivos, **Ponte...nas ondas!:**

- Favorece a cooperación e a participación dos xoves entre comunidades de dous países veciños, fomentado a participación de persoas e comunidades portadoras do PCI nunha experiencia interxeracional.

- Desenvolve unha proposta educativa innovadora facendo protagonista ao alumnado a través da realización de programas de radio e televisión empregados para difundir o patrimonio inmaterial galego-portugués.

- Realiza actividades participativas entre o alumnado para mostrar o patrimonio vivo, en constante evolución, producindo materiais educativos e de investigación sobre o patrimonio común galego-portugués e formando ao profesorado na práctica radiofónica.

- Promove a difusión das expresións do patrimonio inmaterial galego-portugués e integra ás persoas portadoras nas actividades e na transmisión dos seus saberes no contexto educativo formal e en contextos informais.

- Emprega as TICs e as redes sociais na difusión do patrimonio para que os xoves se convertan en portadores e transmisores das súas manifestacións.

Ponte...nas ondas! é unha experiencia singular que ten demostrado a súa competencia na identificación, no recoñecemento e na transmisión do patrimonio cultural inmaterial transnacional e transfronteirizo ás novas xeracións.

O “**modelo Ponte...nas ondas! de boas prácticas co PCI**” que a UNESCO vai avaliar suporá un recoñecemento a unha iniciativa nacida no territorio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que será referente mundial para a salvagarda do PCI, *a primeira inscrición neste Rexistro para Portugal e para Galicia.*

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela, apoia o labor desenvolvido pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! e apoia a inscrición do modelo Ponte...nas ondas! no Rexistro das boas prácticas co PCI da UNESCO.

Do presente acordo darase traslado á Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.”

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE en defensa do servizo básico e esencial da educación pública, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda instar á Xunta de Galicia:

1. A cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materias e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación e a pronta adaptación ás novas leis educativas.

2. A recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.

3. A que faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PP para subsanar o trato discriminatorio na subvención de bolsas de comedor que concede o concello, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a que destine a cantidade prevista para asumir o sobre custo do novo servizo municipal de comedores escolares ao conxunto dos centros de ensino público que no termo municipal ofertan o servizo de comedor escolar, para evitar un trato discriminatorio das persoas usuarias en función de que entidade xestione este importante servizo para o conxunto da comunidade educativa.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA contra as violencias machistas e con motivo da conmemoración do 25 N, Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a:

1. Actualizar os datos contidos no Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero para poder coñecer mellor a situación das mulleres compostelás tanto do punto de vista socioeconómico como da situación de violencia de xénero.

2. Realizar e publicar un informe de situación das mulleres vítimas de violencias machistas no municipio de Santiago de Compostela que recolla os datos dos últimos tres anos.

3. Deseñar e implementar unha Campaña transversal de sensibilización contra as violencias machistas na súa múltiple dimensión (violencia física, violencia psicolóxica,

violencia sexual, violencia obstétrica, vulneración de dereitos sexuais e reprodutivos, violencia económica, violencia dixital, violencia vicaria) así como a inclusión de información-sensibilización na propia web do CIM sobre estas dimensións.

4. Programar actos e actividades municipais de apoio institucional ao 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

5. Apoiar e colaborar co movemento feminista de Compostela na organización e loxística dos actos do 25-N.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG do 25N para incrementar os recursos destinados ao Centro de Información ás Mulleres (CIM), á que presentou emenda o grupo municipal do PP, que posteriormente foi transaccionada polo grupo municipal do BNG que foi a que se someteu a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1. O Concello de Santiago, ao abeiro do 25N, comprométese a incrementar nos Orzamentos de 2023 os recursos destinados ao CIM, como recolle o V Plan de Igualdade 2022-2025, co obxectivo de manter o labor que realiza e dotalo de persoal exclusivo e non compartido con outras áreas municipais, e darase cumprimento en canto sexa posíbel ao establecido respecto dos recursos humanos no decreto autonómico 130/2016, do 15 de setembro, que regula o recoñecemento a acreditación deste tipo de centros de Galicia.

2. O Concello de Santiago colaborará co movemento feminista compostelán na organización de actividades do vindeiro Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para mellorar os espazos públicos de Vite-Vista Alegre e ampliar as zonas de aparcamento, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que o Goberno local estudará a inclusión nos Orzamentos de 2023 das partidas necesarias para mellorar a accesibilidade, os espazos de aparcadoiro e o transporte público para atender as demandas do barrio de Vite-Vista Alegre.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA sobre melloras no espazo da contorna do acceso ao colexio público Mestre Rodríguez Xixirei na Lavacolla, da que foi solicitada a votación separada por puntos e tras ser aceptada, acórdase:

1. O Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar ao correspondente órgano de goberno a realizar melloras urxentes no acondicionamento dos accesos ao CEIP Mestre Rodríguez Xixirei da Lavacolla.

2. O Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda instar ao concello e á Xunta de Galicia a colaborar na habilitación e construción dun estacionamento público para vehículos que mellore a seguridade viaria da comunidade educativa do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei da Lavacolla.

3. O Pleno da Corporación por unanimidade acorda establecer as vías e canais de diálogo e consulta con toda a comunidade educativa e nomeadamente coa ANPA

Landras á hora de acometer os dous puntos anteriores.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PP para a redacción dun plan de ordenación e uso público da finca do viveiro de Lamas de Abade e a rehabilitación dos seus edificios, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP; de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a redactar un plan de ordenación e usos da finca de Lamas de Abade que se dedica hoxe a viveiro e almacén municipal, para a súa posta en valor e apertura ao público e para iniciar un programa de rehabilitación por fases do seu patrimonio arquitectónico, solicitando para iso a colaboración de organismos e entidades públicas, nomeadamente o Consorcio de Santiago, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a demanda ao Goberno de España da execución do proxecto de humanización da rotonda sobre a SC-20 en Conxo, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP; de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a que demande do Goberno do Estado a execución con cargo aos orzamentos de 2023 da obra comprometida para a mellora da permeabilidade e humanización da rotonda de Conxo.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de CA para que se planifique a acción cultural como estratexia de rexeneración das zonas afectadas pola aceleración do impacto do turismo sen control, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a desenvolver unha programación participada, planificada conxuntamente con colectivos e traballadores culturais residentes na cidade, como estratexia de rexeneración da calidade de vida de zonas da cidade afectadas polo impacto do turismo masivo.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA sobre os servizos de conserxarías e limpeza dos centros educativos e das instalacións deportivas que actualmente están sen contrato, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP; de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda Instar ao goberno local a que na redacción dos próximos pregos no caso de ambos os contratos se atendan e se incorpore as reivindicacións das e dos traballadores destes servizos municipais, destacando as seguintes:

1. No servizo de Limpeza, conserxería e control dos CEIPs que se aplique unha homoxeneización de categorías profesionais co obxectivo de ter as mesmas condicións en postos similares e que se dote dun novo vehículo así como de máis e mellor material de limpeza.

2. No servizo de conserxería e limpeza das instalacións deportivas que se aplique a mellora do 1% nos salarios, e que se considere un mellor repartimento horario por

instalación para favorecer contratacións por xornada completa.

3. En ambos os servizos, que se melloren as condicións e retribucións co obxectivo de igualar as condicións existentes a outros contratos similares dependentes do Concello de Santiago como o do servizo de limpeza nos edificios e instalacións municipais.

Con relación á moción urxente presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a problemática vivida polas traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

- Instar á Xunta de Galicia a que cumpra a lei e negocie coas e cos traballadores, intentando chegar acordos que solucionen o conflito laboral.
- Instar á Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvolto no Consorcio Galego.
- Trasladar estes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.

Con respecto á moción urxente conxunta de todos os grupos políticos municipais para apoiar a candidatura da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte ... nas ondas ao rexistro de boas prácticas co patrimonio cultural inmaterial (PCI) da Unesco, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda, apoia o labor desenvolvido pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! e apoiar a inscrición do modelo Ponte...nas ondas! no Rexistro das boas prácticas co PCI da UNESCO.

Do presente acordo darase traslado á Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

O Alcalde pecha a sesión ás 20:01 horas. Dou fe.